

## X Concurso de Poemas Ilustrados

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega convoca a **X edición do Concurso de Poemas e Relatos Ilustrados**, que esta vez estará dedicado a **Florencio Delgado Gurriarán**.

Establécense **7 categorías** de participación:

- I.** Educación Infantil
- II.** 1º ciclo de Educación Primaria
- III.** 2º ciclo de Educación Primaria
- IV.** 3º ciclo de Educación Primaria
- V.** 1º ciclo de Educación Secundaria
- VI.** 2º ciclo de Educación Secundaria
- VII.** Categoría Especial

**1.** Os proxectos (**ilustración/composición plástica baseada nun fragmento dun poema de Florencio Delgado Gurriarán**) deberán incluír (alomenos en parte) o fragmento no que se basean e ser orixinais e inéditos.

**2.** O formato, así como o material no que se realicen, será escollido libremente polo alumnado, debéndose respectar unicamente unhas dimensións mínimas (as dun folio DIN-A4) e máximas (as dunha cartolina de 75x50 cm).

**3.** Os traballos non estarán asinados, figurando unicamente na súa parte traseira o nivel no que se participa e un **pseudónimo**. Virán acompañados dun sobre pechado en cuxo interior se recolla o **nome, apelidos e curso do/a autor/a**.

**4.** Os orixinais deberán ser remitidos a calquera dos membros do Equipo de Dinamización a través do/a titor/a **antes do venres 9 de decembro**.

**5.** O xurado, composto polos membros do EDLG, valorará os traballos presentados, decidindo **un único gañador en cada categoría**.

**6.** O anuncio da **resolución e a entrega de premios** terá lugar o día 22 de decembro, durante a celebración do festival de Nadal.

**7.** **Realizarase unha exposición cos traballos presentados**, reservándose o EDLG o dereito de publicación destes.

**8.** A participación neste concurso significa a plena aceptación destas bases, así como da resolución do xurado.

# Textos 2022

## Educación Infantil

“O ventíño namorouse  
da rosa dunha roseira.  
Negoulle a roseira a rosa  
e o vento fuxiu con ela.”

*O soño do guieiro*

## 1º ciclo de Educación Primaria

“A anduriña veu do mar,  
a voar, a voar,  
na pousada do tellado  
anda tola a parolar.”

*Bebedeira*

## 2º ciclo de Educación Primaria

“Na póla dun buxo  
canta un rousiñol;  
a póla é o punteiro;  
o paxaro, o fol.”

*Bebedeira*

## 3º ciclo de Educación Primaria

“A esta terra de infinda primavera  
a nova primavera vai chegar  
e a xacarandá teima en estoupar,  
foguete malva, na mañán marceira”

*Xacarandá*

## 1º ciclo de Educación Secundaria

“Vente, ventíño do norte,  
vente, ventíño norteiro  
a cantarme nos ouvidos,  
a canción do frío inverno”

*Bebedeira*

## 2º ciclo de Educación Secundaria

“Morte fría, morte moura  
triunfo da negrura mesta  
fea morte, irmá do crime,  
traidora, entrañas de fera”

*O soño do guieiro*

## Categoría Especial

“As xestas e as uces  
quéixanse do vento,  
do vento, que brúa  
nas árbores batendo”

*Bebedeira*

*Florencio  
Delgado  
Gurriarán*